



Estudos de Lingüística Galega

ISSN: 1889-2566

elgilg@usc.es

Universidade de Santiago de Compostela
España

Basanta, Noemi

(Re)presentar as identidades: a construción discursiva do xénero na conversación

Estudos de Lingüística Galega, vol. 6, enero-diciembre, 2014, pp. 29-51

Universidade de Santiago de Compostela

Santiago de Compostela, España

Dispoñible en: <http://www.redalyc.org/articulo.oa?id=305631654002>

- Como citar este documento
- Número completo
- Máis artigo
- Revista Home en redalyc.org

redalyc.org

Sistema de Información Científica

Rede de Revistas Científicas de América Latina, Caribe, España e Portugal

Proxecto sen ánimo de lucro Académico, desenvolvido por iniciativa Acceso Aberto

(Re)presentar as identidades: a construción discursiva do xénero na conversación

*Temo,
verme como me ves,
un lar de antonte entre a luz vella de vellas historias
sobre todo cando me roubas toda.*
NAIR G. ABELLEIRA

Noemi Basanta
Instituto da Lingua Galega
noemi.basanta@usc.es

Recibido o 25/03/2014. Aceptado o 11/07/2014

(Re)presenting Identities: The Discursive Construction of Gender in Conversation

Resumo

Nas últimas décadas, xurdiron no ámbito académico investigacións realizadas desde a psicoloxía, socioloxía, antropoloxía, historia ou lingüística que comezaron a contemplar a creación das identidades como o resultado dunha elaboración contextualmente dependente e lingüisticamente mediada que pode ser levada a cabo de maneira máis ou menos consciente por parte dos individuos. No presente traballo centraremos a atención neste proceso de (re)construción das identidades de xénero, afastándonos do esencialismo e á luz das transformacións históricas da argumentación feminista no seu estado actual. Empregaremos un corpus de dúas horas de gravación realizadas a tres matrimonios heterosexuais, primeiro distribuídos en dous grupos homoxenéricos e posteriormente nun mesmo grupo mixto no que participaron as seis persoas. Os temas marco que lles propuxemos —falar de “cuestións importantes para vós” e de “mocear”— buscan promover as construcións de xénero e mostrar como a conformación das identidades pode realizarse a través da estruturación e o desenvolvemento temático durante as conversas coloquiais. Tomando como punto de partida as teorías Queer e os estudos de lingua e xénero máis recentes, asumiremos a necesidade de non aplicar categorías de xénero estabéis sobre as nocións de feminidade ou masculinidade e por ese motivo prestaremos atención ás fluctuacións e posicións intermedias que aparecen nas conversas que gravamos. Defenderemos que a lingua debe contemplarse non só como un medio para reflectir as identidades senón tamén para crealas. Este traballo mostra que as persoas constrúen identidades de xénero durante as conversacións a través das súas negociacións temáticas e non sempre se adaptan aos roles sociais establecidos.

Palabras chave

Análise da conversa, xestión temática, lingua e xénero, identidade social

Sumario

1. Introducción. 2. Do xenerolecto feminino á identidade de xénero. 2.1. *L'esprit n'a pas de sexe*. 2.2. Diferenzas de xénero no uso da lingua. 2.3. Despois do binarismo, *embodying identity*. 3. Metodoloxía. 4. Análise do corpus. 4.1. Estruturación temática. 4.2. Desenvolvemento temático. 5. Conclusións.

Abstract

In the last few decades considerable academic research has been undertaken from a psychological, sociological, anthropological, historical or linguistic point of view into the creation of identity based on a context-dependent, linguistically mediated process of which the subject may be more or less aware. The present paper focuses on this process of gender identity (re) construction, while distancing itself from essentialism in the light of the historical transformations in current feminist thought. The corpus used is a two-hour recording of three heterosexual couples who were initially divided into two same-gender groups and subsequently brought together in a single mixed group. The suggested topics, “things that are important to you” and “dating”, aimed to bring out gender construction and illustrate how the creation of identities may be achieved through structuring and thematic development in the course of ordinary conversation. Taking our lead from queer theory and the latest studies on language and gender, care was taken not to apply stable gender categories to notions of femininity and masculinity; hence attention was paid to vacillations and intermediate positions occurring in the conversations. We argue that language should not only be seen as a means of reflecting identities but also of creating them. This work shows that people create gender identities in the course of conversation through thematic management and do not always conform to established social roles.

Keywords

Conversation analysis, thematic management, language and gender, social identity

Contents

1. Introduction. 2. From feminine genderlect to gender identity. 2.1. *L'esprit n'a pas de sexe*. 2.2. Gender differences in the use of language. 2.3. After binarism, *embodying identity*. 3. Methodology. 4. Corpus analysis. 4.1. Thematic structure. 4.2. Thematic development. 5. Conclusions.

Este traballo foi realizado no marco do proxecto “Cambio lingüístico no galego actual” (Ref. FFI2012-33845), financiado polo Ministerio de Economía y Competitividad.

1. INTRODUCCIÓN

A evolución experimentada pola lingüística nos últimos anos levou a un crecente interese pola oralidade que provocou importantes cambios de perspectiva sobre as linguas como materias de estudo. Tal e como apunta Tusón (1997:31), calquera intercambio verbal esixe unha serie de habilidades sobre as que non reflexionamos conscientemente e que son extremadamente complexas e variadas. Así é como, coa aparición da análise do discurso e a etnografía da comunicación, a lingüística comezaría a destacar que para poder comprender o funcionamento da comunicación lingüística é necesario estudala prestando atención ás expectativas, aos desexos e ao coñecemento do mundo que manifestan as persoas implicadas nela. Desde esta perspectiva, analizar as elaboracións discursivas tórnase unha práctica fundamental para poder comprender as identidades humanas xa que, tal e como tamén propuxo a sociolingüística, os individuos constrúen en cada acto de fala unha imaxe de si mesmos empregando categorías de diversa índole: hábitat, clase, crenzas, roles sexuais, etc.

Ervin Goffman (1956), teórico da socioloxía e da psicoloxía social, mostrou a maneira en que os roles se manifestan nas interaccións orais tomando como punto de partida a metáfora do *teatro* segundo a cal os individuos se presentan ante unha audiencia do mesmo xeito que se fosen actores ou actrices. Como consecuencia, a presenza doutras persoas será fundamental no proceso de *escenificación*: construímos unha versión propia vendo o que outras son e seleccionando aquilo que representa un rol significativo en cada interacción concreta. Polo tanto, para poder definírnos a nós e a quen está ao redor —en termos de identidade— é frecuente levar a cabo un proceso que ten en conta a dialéctica entre como nos vemos e como nos ven, entre como nos construímos e a presión que exercen outras persoas nun tempo e espazo concretos.

Neste mesmo sentido, Kerbrat-Orecchioni establececeu unha distinción entre a identidade como categoría abstracta e a *identidade contextual*, que abarcaría só os elementos que permiten que as persoas se definan como actrices sociais dentro dunha interacción concreta. O interesante da súa teoría reside en destacar a posibilidade de existiren fluctuacións: “les représentations identitaires des participants ne cessent d’évoluer, de s’enrichir et de se réajuster, au fur et à mesure qu’ils captent de nouvelles informations les uns sur les autres” (Kerbrat-Orecchioni 2005: 158). Polo tanto, defende que a identidade non é un produto pechado nin tampouco un mecanismo de autoclasificación social reflectido nun comportamento concreto senón unha elaboración contextualmente dependente: a lingua non só *reflicte* quen somos senón que tamén nos *crea* (Joseph 2010: 9).

Por esta mesma razón aceptaremos a posibilidade de que existan “rules for speaking just as there are rules of grammar in a language” (Kenworthy 1991: 111). A aprendizaxe destas regras discursivas prodúcese dende a infancia a través da interiorización de estratexias de comportamento que nos orientan sobre as normas de interacción máis axeitadas para cada momento. Poden ser incorporadas implicitamente ou de maneira explícita a través de expresións do tipo “non lle berres a túa nai”. Nun exemplo coma este móstrase unha restrición de tipo lingüístico ante unha variábel de xerarquía social —a relación de parentesco— que provoca a creación dunha identidade parcial —a de fillo ou filla—. Así, se aceptamos que a adquisición e o desenvolvemento destes coñecementos de tipo lingüístico están relacionados co proceso de socialización de todos os individuos, non resulta estraño pensar que as restricións e condicionamentos socioculturais de xénero tamén estarán presentes e terán repercusión na lingua.

No presente artigo, levaremos a cabo unha análise discursiva que mostrará como a identidade feminina ou masculina pode construírse a través das negociacións temáticas durante as conversas espontáneas. Este traballo está baseado en dúas horas de gravación de dous grupos homoxenéricos e un mixto conformados por tres matrimonios galegofalantes. Analizamos as conversas empregando técnicas de análise do discurso e apoiándonos nas diferentes interpretacións do concepto de *xénero* que elaborou a teoría feminista así como do concepto de *identidade* que desenvolveu a teoría da identidade social.

Trátase, polo tanto, dun traballo feito desde unha perspectiva cualitativa e, como consecuencia, as actuacións concretas de xénero que amosaremos non poden xeneralizarse ao

conxunto da poboación. Esta idea está en consonancia coa argumentación base da nosa análise xa que consideramos que a variábel de xénero é fluída e non responde a categorías fixas. Pola contra, está condicionada por diversos factores sociais —a raza, a clase, etc.— e contextuais. Por este mesmo motivo, tivemos especial precaución na selección dos individuos que participaron nas gravacións tentando que fosen similares no tocante á idade, estudos, profesión, hábitat e relacións interpersoais.

2. DO XENEROLECTO FEMININO Á IDENTIDADE DE XÉNERO

2.1. *L'esprit n'a pas de sexe*

O xénero constitúe unha dimensión fundamental da identidade persoal na que interveñen factores individuais e colectivos, biolóxicos e sociais. Esta autoadscripción é o suficientemente relevante e complexa como para que empreguemos palabras diferentes no intento de reflectir e delimitar categorizacións distintivas precisas (Gove / Watt 2004: 44). Así é como podemos establecer desde un punto de vista teórico a distinción clásica levada a cabo polo feminismo entre *sexo* —macho ou femia— e *xénero* —masculino e feminino—, que separa os atributos biolóxicos dos sociais. Durante o século XX, moitas feministas intentaron facer explícita esta dicotomía proponendo a necesidade de subvertela. Así, servíronse da noción de xénero para denunciar normas sociais con consecuencias económicas e políticas que ocultaban divisións xerárquicas entre homes e mulleres: implicitamente o sexo foi definido como un elemento socialmente inmutábel mentres que o xénero se caracterizaría por ser culturalmente maleábel e cambiante dependendo do tempo e o lugar. Dito doutro xeito, o xénero entendeuse como a forma social que adopta cada sexo ao adxudicárselle connotacións específicas de valores, funcións e normas (Raubert 2004: 26).

Non obstante, tal e como apunta Butler (2007 [1990]: 25), se asumimos que o xénero actúa en base a normas debemos distinguir, polo menos, dous significados na calidade de *normativo*. Este termo pode limitarse a ser sinónimo de aquilo que está marcado polas regras de xénero ou ben engadir unha dimensión ética que prescribe como debería ser e cales son as súas consecuencias. As novas correntes feministas puxeron maior énfase na segunda definición e propugnaron que a existencia dos *xéneros* servira para que ao longo da historia as sociedades convertesen diferenzas anatómicas nunha desigualdade social e política (Cobo 1995) Así, a importancia do xénero redundaría na creación dos estereotipos sobre os que tradicionalmente se definiu a identidade social de cada un dos sexos provocando unha asimetría discriminatória sobre as mulleres.

Dalgunha maneira, a distinción sexo/xénero realizada polo feminismo sempre estivo marcada pola oposición entre a posibilidade de flutuación das normas sociais e a invariabilidade sexual porque a finalidade última era denunciar as desigualdades que se exercían socialmente atendendo a criterios biolóxicos. Non obstante, a aparición da teoría queer e o posmodernismo nos anos 90 rompería coa dependencia do xénero a respecto do sexo e colocaría en primeiro plano o *embodiment*, que supuxo a posta en valor da diversidade para alén da denuncia.

2.2. Diferenzas de xénero no uso da lingua

O estudo da relación entre xénero e discurso é unha liña de investigación que se iniciou nos Estados Unidos e no Reino Unido en 1973 cando Robin Lakoff publicou “Language and woman's place”, un artigo que dous anos máis tarde se convertería en libro. En ambos textos establécese un inventario de trazos fonéticos, fonolóxicos, sintácticos, morfolóxicos e pragmáticos que serven para definir un hipotético xenerolecto feminino e mostrar a súa natureza deficitaria a causa de sufriren historicamente as mulleres o dominio dun sistema patriarcal opresivo.

Tradicionalmente, a crítica feminista definiu a análise de Lakoff como o pilar fundamental do modelo teórico do “déficit”, caracterizado por xustificar a existencia do xenerolecto feminino e consideralo como deficitario en relación ao masculino por seren os homes quen gozan de poder e prestixio social. Como consecuencia, numerosos traballos académicos tentaron afondar no estudo das diferenzas e establecer unha listaxe completa de todas as variábeis

lingüísticas e patróns de interacción distintivos —interrupcións, control dos temas, etc.—, analizando os correlatos entre a súa aparición e o sexo das e dos falantes, así como indagando sobre cal sería a súa orixe. Entre as particularidades lingüísticas que foron sinaladas para o xenerolecto feminino destacaremos o uso frecuente de atenuantes para diminuír a asertividade discursiva, o emprego de circunloquios, de expresións indirectas, *question tags* ou preguntas con función fática.

Así, o xénero sería descrito implicitamente como un aspecto inherente aos individuos —correlacionado co seu sexo biolóxico— que se plasma en realizacións lingüísticas maioritariamente predicíbeis. Non obstante, esta caracterización dos xenerolectos pode ser contraditoria coa experiencia individual de moitas persoas que non se identifican con eses usos lingüísticos. No corpus de gravacións empregado para o presente traballo encontramos exemplos de desviacións tanto en homes como mulleres. O primeiro dos que mostramos a continuación ilustra a utilización de atenuantes entre homes:

Home 3: ¡Éra-lle igual ter sete fillos que ter catorce pero ao nivel que se vai agora! ¡Mecachís na mar!

Extracto 1. Conversa homoxenérica masculina. Tema “Cuestións importantes”

O segundo exemplo mostra a adopción de roles potencialmente masculinos nun grupo de mulleres non só a través da maneira de abordar certos temas senón tamén da propia selección temática. Neste caso, dúas mulleres critican o feito de que un dos seus cuñados teña unha parella de orixe cubana centrándose en que a nai desta operou os peitos:

Muller 1: <A cubana> trouxo a mai e operou as tetas

Muller 2: ¿E quen pagou?

Muller 1: ¿E quen iba pagar?

Muller 2: ¡E tamén! As tetas da sogra pra algo valen ¿ou?

Extracto 2. Conversa homoxenérica feminina. Tema “Cuestións importantes”

Ante estes resultados deberíamos preguntarnos por que pode existir unha discrepancia tan significativa entre as percepcións ás que aludía o modelo do déficit e certos usos como os documentados neste traballo. Desde o noso punto de vista, a resposta atópase na metodoloxía empregada xa que, moitos datos que manexaron as primeiras investigacións non constituían usos reais rexistrados empiricamente senón listaxes de trazos adxudicados en base a un estereotipo, isto é, unha maneira simplificada de explicar a realidade social. Esta circunstancia produciuse porque nese momento o foco principal das preocupacións do movemento feminista estaba vinculado coa crítica á imaxe social das mulleres, destacando “the ways in which individual women’s everyday encounters with sexism cumulatively create social structures that enforce the subordination of all women” (Bucholtz 2004: 123). Neste sentido, as linguas tamén serían interpretadas como un medio de representación que precisaba ser (re)pensado e, como consecuencia, loitar contra as características lingüísticas asignadas ás mulleres tamén sería considerado unha vía de resistencia fronte ao patriarcado.

Estas discrepancias xa foran implicitamente tratadas pola propia Lakoff en *Language and woman’s place* ao establecer unha distinción entre as *ideoloxías culturais de feminidade* e as *prácticas de xénero*. Tal e como sinala Bucholtz (2004), os trazos delimitados por Lakoff foron mal entendidos como descricións simplificadas da *práctica lingüística* das mulleres e non como descricións das *expectativas socialmente mediadas* sobre a súa maneira de falar. Tendo en conta isto, non poderemos obviar a vinculación entre o *xénero* e a noción de *poder* que xa foi detectada nas primeiras investigacións: cando Lakoff fala da *lingua das mulleres* non só se refire ao sexo feminino senón que tamén inclúe outros grupos sociais que se sitúan fóra do poder hexemónico masculino: “the effeminate homosexual, the anticapitalist hippie and the effete male professor” (Hall 2004:173). Así mesmo, acepta desviacións en moitas mulleres que queren adoptar estratexias discursivas dos homes porque é neste grupo onde reside o poder social (Lakoff 1973:59).

Polo tanto, cómpre destacar que, se ben a delimitación tradicional dos diferentes períodos da investigación de lingua e xénero —déficit, dominación, diferenza e discurso— constitúe un método eficaz para comprender a evolución dos estudos, tamén resulta reducionista porque

escurece algunhas achegas tan interesantes e de gran complexidade teórica como a que acabamos de sinalar.

Con todo, durante décadas, boa parte da lingüística realizada desde a perspectiva feminista desenvolveu os seus estudos sen cuestionar a existencia do *xenerolecto feminino*. Pola contra, limitouse a incorporar matices e melloras que fundamentalmente afectarían á explicación da súa natureza. Así, os feminismos da dominación e da diferenza continuaron xustificando a diferenciación de estilos de fala para homes e mulleres. No primeiro caso por dinámicas de opresión social e no segundo como consecuencia de homes e mulleres formaren parte de dúas subculturas nas que foron socializados e socializadas desde a infancia (Tannen 1996; 2005). Esta perspectiva explicaría a suposta fala feminina e/ou masculina xa non en termos de dominación dun grupo sobre outro senón de comunicación intercultural. Unha das características fundamentais deste novo marco teórico será a valorización da fala feminina, ao considerar moitas das súas características xa non como sinais de inseguridade senón como estratexias de cortesía e solidariedade (Holmes 1995) ou colaboración (Coates 1996), en contraposición a un modelo masculino, máis individualista e enfocado á autopromoción ante outras persoas.

2.3. Despois do binarismo, *embodying identity*

É innegábel a importancia que tiveron os traballos asentados no modelo teórico da diferenza porque puxeron de relevo o rol da lingua na creación das identidades e visibilizaron a existencia de desigualdades sociais por motivos de xénero. Non obstante, tamén foron criticados de esencialistas por caer no determinismo social e reforzar indirectamente as dicotomías normativas de xénero ao reivindicar o valor do tradicionalmente asignado ás mulleres. Co paso do tempo, a noción de *xénero* foi enriquecida con achegas de distintas correntes vinculadas a feministas de minorías, dos países en vías de desenvolvemento ou dos feminismos lesbianos. Nos seus traballos, evidenciaron as diferenzas intraxenéricas das mulleres e reclamaron a necesidade de eliminar a perspectiva tradicional, argumentando que a identidade de xénero é unha variábel que interactúa con outros parámetros como a raza, idade, procedencia, clase social ou orientación sexual (Castro / Reimóndez 2013: 58).

Os numerosos cambios sociais, políticos e económicos dos últimos anos tamén contribuíron a reforzar progresivamente a aposta colectiva pola diversidade e a pluralidade dentro dun mundo global cada vez máis complexo. Así, a década dos 90 estivo marcada por dar un paso máis na deconstrución das categorías fixas e procurar redefinicións en termos de identidade colectiva e individual. Da interacción entre o feminismo e a posmodernidade comezaron a xurdir correntes que non só se sumaron á denuncia do modelo patriarcal por someter os suxeitos diverxentes á norma senón que tamén criticaron o feminismo tradicional acusándoo de reducionista por asumir con pequenos matices unha única identidade de xénero feminino.

Así foi como emerxeron as teorías da construción e a *performance*, enmarcadas dentro das correntes ideolóxicas presentes en autores como Foucault (1997 [1976]), que poñen de manifesto que os discursos —incluídos os que afectan á sexualidade— están inmersos nunha ideoloxía determinada e regulados por diferentes dispositivos de control. Polo tanto, o xénero pasa a entenderse como unha construción cultural que inclúe trazos —lingüísticos e de diversa índole— que permiten distinguir a *masculidade* e a *feminidade* pero que son administrados en cada interacción sen correlatos sexuais (Cameron 1994).

A énfase na reivindicación das diferenzas que mostraron estas perspectivas, levou a aceptar que non só existe variedade interxenérica e intraxenérica senón que a pluralidade identitaria tamén pode darse dentro dunha mesma persoa e xestionarse en función do contexto. Neste sentido, terá un impacto fundamental a filósofa Judith Butler co seu libro *Gender trouble: feminism and the subversion of identity*, que se erixiu como un pilar fundamental para a teorización do movemento feminista desde a perspectiva da *teoría Queer*. Para Butler, o xénero é *performativo*, de maneira que as etiquetas de *feminino* e *masculino* non poden ser aplicadas en función do que somos senón dos efectos que produce aquilo que facemos. Esta argumentación segue a liña de pensamento que apuntara Simone de Beauvoir, xa nos anos

40, cando afirmou que o xénero non é biolóxico. Non obstante, a achega de Butler residiu en colocar maior énfase no feito de o xénero non constituír unha categoría inamovíbel á que nos adscribimos unha única vez na vida: reafirmamos ou modificamos constantemente o papel que queremos adoptar. Polo tanto, incluso se unicamente temos en conta o binarismo sexual hexemónico, non podemos afirmar que os xéneros —entendidos como prácticas sociais— sexan só dous. Polo contrario, debemos definir o xénero en base a unha pluralidade que nunca se presenta como produto pechado e que crea diversas “identidades que alternativamente se instauran y se abandonan en función de los objetivos del momento; se trata de un conjunto abieto que permite múltiples coincidencias y discrepancias sin obediencia a un *telos* normativo” (Butler 2007 [1990]: 70).

No plano da lingüística, os estudos máis recentes comezaron a preguntarse por como as construcións estereotipadas de masculinidade e feminidade se poden modificar ou reafirmar no discurso e levaron a un segundo plano o intento de buscar diferenzas entre os sexos. Colocaron o foco de análise nos mecanismos de creación de xénero prestando atención non só a como os homes *performan* a masculinidade e as mulleres a súa feminidade, senón tamén a como é posíbel o xogo coas identidades. Esta visión dinámica do xénero incide no carácter cultural das normas e permite reflexionar sobre a súa construción histórica e social, e consecuentemente tamén sobre a súa posíbel variación, non só intercultural, senón tamén intracultural.

As teorías máis aperturistas do feminismo vinculadas á teoría queer provocaron que nos últimos anos os estudos de xénero non só analizasen a fala das mulleres senón que tamén abrisen novos campos de investigación sobre a diversidade sexual: gays, lesbianas, bisexuais, transexuais etc. Neste sentido, intentouse abordar a relación existente entre discurso, xénero e sexualidade: como as persoas constrúen o xénero en relación a si mesmas e en relación a outras e como esa necesidade de producir e orientar o xénero no discurso é unha esixencia social (Cameron / Kulick 2003; 2006). Consecuentemente, cada vez terán un peso maior as técnicas de análise do discurso en contraposición ao método de estudo de elementos illados e descontextualizados que fora levado a cabo até o momento. Considérase que non poden ser realizadas interpretacións académicas do xénero sen ter en conta a situación comunicativa concreta e outros aspectos da identidade social das persoas que son obxecto de análise: a idade, a clase, o nivel educativo ou a orientación sexual. Tamén se detecta como as ideoloxías inflúen na construción das identidades de xénero e como estas poden mudar, resistir ou subverterse dependendo dos individuos en tanto que existe a posibilidade de participaren en multitude de comunidades que se afasten das normas sociais predominantes.

Speer e Stokoe (2011: 7) alertan de que o alto índice de factores que inflúen na conformación das identidades de xénero constitúe unha dificultade importante á hora realizar un traballo empírico desde esta perspectiva. En primeiro lugar, porque, tal e como acabamos de mencionar, as identidades concíbense como unha construción condicionada por ideoloxías ou formas de poder que están situadas pon enriba dos discursos concretos. Como consecuencia, existiría un macronivel compartido situado no campo das ideoloxías e as representacións simbólicas onde se reflicten as normas que concirnen aos comportamentos masculinos e femininos que logo se adaptan ou non no nivel micro. O segundo problema é que, a pesar de que a teoría sobre a construción do xénero é diferente aos modelos da diferenza, en moitos casos chegan ás mesmas conclusións, particularmente cando intentan establecer caracterizacións sobre como as mulleres se *performan* sobre a feminidade e os homes sobre a masculinidade. Neste tipo de traballos resultaría estraño que as persoas simplemente non performasen o xénero porque, se non atopamos a feminidade ou a masculinidade de maneira claramente recoñecíbel, a interpretación resultante podería ser que “gender identity is not what we thought it was, or that it is variable, inconsistent, multiple or fragmentary” (Speer / Storkoe 2010: 7). Esta complexidade teórica desembocou en propostas que comezaron a valorar positivamente esa fragmentariedade, a partir da consideración de que hai tantos xéneros como individuos.

Os modelos teóricos máis recentes están refundidos con perspectivas socioculturais que teñen en conta as percepcións que as persoas posúen sobre o xénero: calquera tipo de cuestionamento sobre a pertenza a unha categoría debe ser analizado. Este tipo de estudos, inseridos no *construtivismo social*, tamén empregan as técnicas da análise da conversa, mais tornan as definicións de xénero inextricabelmente dependentes do contexto conversacional. Desde esta perspectiva asúmese que os individuos controlan e manipulan a súa conduta durante as interaccións. Por este motivo, o estudo contextual rigoroso tórnase necesario para intentar resolver o *problem of relevance* (Speer / Stokoe 2011: 10), isto é, as dificultades de análise derivadas do infinito número de camiños nos que unha persoa pode categorizarse que fan con que sexa complicado decidir cales son os parámetros potencialmente relevantes para a creación identitaria. Os estudos máis recentes comezaron a analizar aspectos vinculados a como os individuos crean, durante a interacción, un mundo no que a existencia dos sexos parece natural e inevitábel en tanto que as persoas tratamos o xénero como algo “real”, que coñecemos e podemos observar en nós mesmas. Estúdanse cales son esas prácticas que fan que se creen atribucións de xénero e que se constrúan argumentos para definir os individuos como homes e mulleres. Alén diso, tamén comezarán a agromar traballos que observan como son abordados os casos en que existen problemas para unha distribución xenérica binaria. Neste sentido, terán un forte peso as teorías sobre a diversidade sexual: “intersex, third or other genders, gender fluidity, positions outside of gender, gender fuck and gender queer” (Monro 2005: 11)

En liñas xerais, estas teorías teñen en común a relativización da noción de xénero. Rexéitase a identidade creada a partir do sexo anatómico, unha cuestión que xa fora abordada nos anos 80 polo feminismo da segunda vaga. Non obstante, a solución que propuña como alternativa —a construción social inscrita sobre o rótulo de xénero— agora tamén é criticada por constituír un mecanismo aínda máis poderoso que o anatómico para a redución das persoas a categorías: tanto o sexo como o xénero pasan a ser considerados como construcións creadas pola cultura que somete ás persoas desde a infancia.

O interese destas teorías reside na capacidade de cuestionar as categorías de xénero e os seus límites “preguntármonos como se crean, como se regulan e como se contestan ou, o que e o mesmo, como se destrúen” (Moure 2012: 41). Esta destrución das identidades establecidas foi o obxecto fundamental do *gender fuck*, un tipo de activismo asentado na esaxeración e a parodia dos roles convencionais de feminidade e masculinidade:

...if I have a penis and big tits that's gender fuck, if I wore makeup and butch clothing that's gender fuck. And what's quite interesting is that androgyny is acceptable because there's a reason for that, but gender fuck isn't, because people go 'oh, OK' but with gender fuck is this thing of 'shit, I'm getting two sets of signals' and it feels like you're having a drum and bass mix on one side and classical music on the other and you're going 'Oh my God which am I going to listen to?' (Kate N'Ha Ysabet, apud. Monro 2005: 13)

Polo tanto, o substrato común a todas estas propostas —exceptuando as posicións da *non-gendered people*, aquelas que negan a existencia dos xéneros ou a posibilidade de seren definidas en función deles (Monro 2005: 13)— é que existen patróns culturais marcadamente femininos ou masculinos que foron creados por socialización e que constitúen simplificacións estereotipadas que se solapan nos discursos.

A relación entre o feminismo e os movementos vinculados á posmodernidade foi criticada desde algúns sectores ao considerar que, en moitos casos, cuestiona o proxecto político feminista por centrarse na reivindicación da diversidade individual até o punto de impedir falar das mulleres como grupo social e anular así as súas aspiracións emancipatorias (Benhabib 2005: 340). Como consecuencia, algunhas investigadoras e investigadores (Cameron 1999, Swann 2002, Mills 2003, Holmes 2006b) afirmaron a necesidade de superar a pulsión entre o binarismo dos roles de xénero e a deconstrución absoluta que proclamou o posmodernismo máis radical para ofrecer unha alternativa que non renunciase á existencia de colectivos sociais e desa maneira non excluíse a reivindicación política. Comezaron a aparecer voces que asumen a posibilidade da diversidade intraxenérica e propugnan “to analyse the essence attributed to

women without begging the question by assuming that the essence attributed by sexism is an essence attributed to women by nature" (Wesselius 1998: 230). Admiten a pluralidade dentro das categorías de home/muller e o condicionamento contextual das performacións de xénero. Non obstante, opóñense á disolución absoluta posmoderna das identidades ao destacar que é un feito na experiencia humana que as persoas sexan socialmente categorizadas en función do seu sexo, independentemente das posibilidades performativas. De acordo con Eckert (2003: 50), a forza dos estereotipos sociais na conformación das identidades tornaría "impossible for us to move through our lives in a non-gendered way, and impossible not to behave in a way that brings out gendered behaviour in others". Non podemos ignorar a existencia de macrocategorías binarias home/muller que exercen poder sobre as performacións lingüísticas: as interpretacións que as persoas teñen sobre o xénero non son libres senón que, á súa vez, están influenciadas por discursos sociais e, se aceptamos a importancia dos discursos na creación das identidades, a lingua terá un papel fundamental.

Homes e mulleres non viven en diferentes planetas, pero pertencen a unha cultura na que constantemente circulan discursos que prescriben as características de xénero (Cameron 1999: 280). Os individuos aprenden maneiras de falar acordes co seu sexo e logo interactúan en función de escollas persoais que poden adaptarse ou non á hexemonía de xénero mais que, en calquera caso, se realizan en base a ela. Por tanto, parece difícil seleccionar variábeis lingüísticas que sexan exclusivamente atribuíbeis a un sexo/xénero porque os "patterns which are clear in one context may be muted, non-existent, or reversed in another, suggesting that they are not direct reflections of invariant sex-specific traits" (Cameron 2007: 164). O feito de que os homes poidan adoptar formas de fala estereotipicamente propias das mulleres ou viceversa non implica que o xénero non teña importancia nas interaccións cotiás, senón mais ben todo o contrario, porque a mestura permite constatar a facilidade coa que o discurso se impregna de xénero e a variedade de usos lingüísticos que están implicados na construción interaccional da feminidade e da masculinidade (Acuña 2009: 236). As regras sobre o uso da lingua "are more like guidelines, rather than strict rules" (Kenworthy 1991: 130) e por ese motivo, aínda que os membros dun mesmo grupo compartan un conxunto de estratexias e recursos lingüísticos plasmados nun comportamento común, tamén existe unha certa diversidade que permite negociar as identidades en cada interacción lingüística.

Asumiremos, polo tanto, que a deconstrución das categorías identitarias como entidades fixas non vai en contra da ideoloxía política: o realmente contraditorio cos argumentos feministas sería non cuestionar, por exemplo, os trazos de feminidade. Analizar e relativizar a rixidez das categorías non implica eliminar a acción política senón máis ben escapar da influencia dos discursos dominantes e poder comprender mellor a creación das identidades (Motschenbacher 2010: 17).

3. METODOLOXÍA

Centrarémonos na análise discursiva das negociacións temáticas como mecanismo de construción identitaria a través dunha metodoloxía empírica de carácter cualitativo. Trátase da análise dun corpus de tres conversas que abranguen un total de dúas horas e nas que participaron tres matrimonios heterosexuais galegofalantes que manteñen entre si lazos de parentesco xa que incluímos dous homes e unha muller que son irmáns entre si xunto coas súas parellas. En primeiro lugar, realizamos dúas gravacións de grupos homoxenéricos separando aos individuos en función dos seus sexos —tres homes e tres mulleres— e en segundo lugar unha terceira conversa mixta na que participaron esas mesmas seis persoas.

Unha das nosas principais preocupacións foi intentar reducir, na medida do posíbel, a artificialidade deste tipo de materiais lingüísticos nos que a presenza dunha gravadora actúa como inhibidor para que a interacción resulte fluída e espontánea. Por este motivo, durante a obtención do corpus, a investigadora non estivo presente e as gravacións realizáronse no domicilio dun destes matrimonios, un lugar familiar para todas as persoas. Unicamente interveu nas gra-

vacións para delimitar dous temas de conversación que foron propostos ao inicio e en medio de cada gravación. O primeiro foi falar de “algo importante” e o segundo tema o de “mocear”. Consideramos que ambos resultan interesantes porque contribúen a promover as *performance* de xénero. No primeiro caso, o tratamento de “cuestións importantes” pode servírnos para demostrar concepcións diferentes do que é importante e así poder establecer unha comparación entre as prioridades temáticas de todos os grupos. No segundo tema, a maneira de afrontar a cuestión de “mocear” será feita desde a súa condición de parellas heterosexuais e, polo tanto, desde unha perspectiva de xénero.

Procuramos que as conversas fosen o máis homoxéneas posíbel desde o punto de vista do perfil social das e dos participantes para que as marcas que asociamos á variábel de xénero non puidesen responder a criterios doutra índole. Tivemos en conta a idade, o hábitat ou os estudos. Así, a homoxeneidade está garantida no tocante ás idades e o hábitat porque todas as persoas se sitúan nunha franxa situada arredor dos corenta anos e viven no rural galego. No caso dos estudos e a profesión existen algunhas discrepancias entre as integrantes do grupo feminino —dúas universitarias e unha que só realizou estudos primarios— mais levamos a cabo un esforzo por manter o paralelismo entre homes e mulleres coa intención de que a conversa mixta estivese compensada. Así, existen tanto homes como mulleres que presentan niveis de estudos primarios á par doutros con FP ou superiores.

Unha vez efectuadas as gravacións e obtido o corpus oral, procedemos á súa completa transcripción a través do programa informático *Elan*¹, unha ferramenta que permite o aliñamento entre audio e diferentes niveis de anotación textual. Empregamos como criterios ortográficos os que foron elaborados para o proxecto CORILGA do Instituto da Lingua Galega e que están baseados en Payrató (2003). Incluímos un breve apéndice na parte final deste traballo.

4. ANÁLISE DO CORPUS

4.1. Estruturación temática

Nas conversacións homoxenéricas destacaremos dúas maneiras diferentes de enfocar a xestión temática, que están en consonancia con resultados doutras investigacións previas (Edelsky 1993; Coates 1996; 1998). No caso dos homes encontramos preferencia pola elaboración de grandes temas nos que se inclúen varios subtemas. Así, por exemplo, na conversa sobre “cuestión importantes” documentamos a presenza de dous temas que incorporan até catro subtemas.

1. Saúde (00:16-18:29)	1.a. Experiencia en diferentes intervencións cirúrxicas	00:16-04:30
	1.b. Valoración dalgún dentista ao que acudiron	04:30-07:26
	1.c. Necesidade de que os implantes bucais formen parte da SS.	07:26-09:13
	1.d. Comparación entre os implantes bucais e as vasectomías	09:13-18:29
2. Problemas de ter moitos fillos ou fillas		18:29-22:31

Táboa 1. Cadro de temas “Cuestións importantes”. Grupo homoxenérico masculino

Alén diso, destacaremos un estilo conversacional moi marcado que se caracteriza por expoñer tres experiencias persoais vinculadas a cada un dos falantes. Non é habitual que se desenvolva conxuntamente unha única experiencia senón que se respectan as quendas de palabra individuais e cada un expón a súa.

En contraposición, a conversación feminina, caracterízase pola abundancia de digresións e o desenvolvemento conxunto das experiencias persoais de cada unha das mulleres. A modo de exemplo, se tomamos como punto de referencia o primeiro bloque de “cuestións importantes”

¹ <http://tla.mpi.nl/tools/tla-tools/elan/>

detectamos que existe un único tema no que se incorporan un total de seis digresións. Iníciase co intento de preparar as festas de Nadal pero, paradoxalmente, a extensión das digresións fai con que, a pesar de ser o tema marco, se caracterice tamén por ser o notablemente menos tratado, cunha duración total de catro minutos nunha conversa de case media hora.

1. CEA DE NADAL	1. CEA DE NADAL	00:49-2:03
	* Estado de saúde da sogra dunha das participantes	02:03-04:53
	1. CEA DE NADAL	04:53-05:12
	* Crítica a unha cuñada común	05:12-10:45
	* Crítica a mulleres estranxeiras que casan con homes galegos.	07:24-14:16
	1. CEA DE NADAL	14:16-15:00
	* Estado de saúde da sogra dunha delas nas festas de Nadal doutros anos	15:00-17:57
	* Problemas nunha delas no traballo (Unha escola infantil)	17:57-21:13
	* Dous casos de mulleres que levan aos seus fillos e fillas a escolas infantís.	21:13-25:24
	1. CEA DE NADAL	25:24-26:46

Táboa 2. Cadro de temas “Cuestións importantes”. Grupo homoxenérico feminino

O estilo conversacional feminino tamén se caracteriza por estar sustentado na exposición de experiencias persoais pero difire do masculino na maneira de presentalas. Neste caso, é habitual que unha das falantes introduza unha digresión vinculada a unha situación ou aspecto sobre o que todas as interlocutoras presentan algunha opinión que intercambian de maneira conxunta. Polo tanto, céntranse nunha única anécdota e non en tres simultaneamente, tal e como acontecía cos homes. Así mesmo, tampouco amosan respecto polas quendas individuais e presentan índices de solapamento moi superiores aos da conversa masculina.

Tradicionalmente, asumíuse que os intercambios de quenda estaban rexidos polo modelo de Sacks, Schegloff and Jefferson (1974) onde, se non existían casos de vontade interruptiva, os e as falantes sucedían as súas quendas sen produciren exemplos de fala simultánea. Recentemente, e en consonancia cos nosos resultados para o grupo feminino, moitas análises suxeriron que este modelo non permite explicar a complexidade das prácticas discursivas. Edelsky (1993) foi a primeira que levou a cabo unha tipoloxía onde distinguía dúas categorías de quendas: *single-floor* e *collaboration-floor*. O primeiro tipo caracterizárase porque as quendas se suceden sen solapamentos coa vontade de clarificar a información que se transmite, mentres que no segundo caso as quendas se solapan continuamente. Este último modelo está asociado á argumentación e á construción discursiva conxunta das persoas que participan nas conversas. O emprego de ditas estratexias comunicativas estaría vinculado a homes e mulleres, respectivamente, tal e como tamén mostra o noso traballo.

A tendencia das mulleres á fala *all in together* fronte a *one at a time* tamén foi documentada por Coates (1996; 1998). Nos seus traballos, establece un correlato explicativo entre estas estratexias discursivas e o contido temático das conversas argumentando que o estilo individual masculino pode explicarse porque asumen a creación dos temas como algo individual fronte ás mulleres que consideran que a construción temática debe facerse en grupo. Así mesmo, argumenta que os homes respectan as quendas porque interpretan e dan prioridade ao intercambio de información como realización da amizade. Pola contra, as mulleres conversan coa finalidade primeira de manter boas relacións e por iso tamén apostan por temas que as implican persoalmente, algo que non acontecería nas interaccións homoxenéricas masculinas.

Se ben é certo que os dous tipos de estruturación na sucesión das quendas asociados aos sexos parecen estar presentes tamén nas nosas conversas, a interpretación como un comportamento “competitivo” vs “cooperativo” resulta problemática, especialmente cando unha categoría exclúe á outra. Tal e como apunta Cameron (1999: 279), nunha mesma conversa poden darse elementos que respondan a ambas finalidades. Nas nosas conversas, non podemos negar o carácter colaborativo das exposicións individuais masculinas porque tamén, tal e como vimos

nestas gravacións, contribúen ao desenvolvemento do marco temático. De feito, a estruturación da conversa masculina en temas e subtemas é incluso máis complexa que a feminina, onde existe un alto índice de digresións.

A conversa mixta caracterízase pola maior dificultade para establecer un tema dentro do marco das “ cousas importantes”. Por este motivo os e as participantes intentan retomar algúns temas das conversas homoxenéricas, intercambian opinións sobre o espazo físico no que se sitúan no momento da gravación ou fan bromas a respecto do tempo que levan conversando.

Tentativas de acordo temático	Intento de recuperar temas da conversa homoxenérica		00:09-00:42
	Opinións sobre o espazo físico no que se desenvolve a conversa		00:42-01:25
	Bromas sobre o tempo que levan conversando		01:25-01:56
	Crítica a un dos homes por tomar alcohol con dor de moas durante as gravacións		01:56-02:50
	Calidade da auga que están bebendo		02:50-03:29
Temas	1. Crise e crítica ás mulleres por gastar diñeiro		03:37-06:34
	2. Saídas nocturnas das e dos cónxuxes. Debate no que só fala un dos matrimonios		06:34-08:06
	3 Calidade da auga que están bebendo e crítica ás mulleres porque non beben cando comen, a pesar de que é moi saudábel		08:13-10:18
	4. Agasallo de dous paxaros a Muller 3	4.a. Historia de como lle regalaron os paxaros á Muller 3	10:22-12:26
		4.b. Preferencia por animais domésticos ou máis produtivos	12:26-13:32
		4.c. Produtividade dos pitos criados na casa (calidade, gasto e traballo)	13:32-15:56
	5. Crítica a un tío da Muller 2 por non ser traballador		15:56-18:19

Táboa 3. Cadro de temas “Cuestións importantes”. Grupo mixto

O estilo conversacional de homes e mulleres non é tan diferenciado como nos grupos homoxenéricos xa que os homes aumentan a cantidade de solapamentos e a sucesión de quendas é moito máis rápida e dinámica. Esta circunstancia pode estar relacionada coa tipoloxía textual porque, se ben é certo que nas conversas homoxenéricas existe unha clara preferencia pola narración de experiencias persoais, na conversa mixta son frecuentes as argumentacións e opinións contrapostas ante unha afirmación que foi postulada previamente por un dos individuos participantes, home ou muller.

Cando asistimos á narrativa de experiencias, estas son fundamentalmente realizadas polos homes e destinadas a criticar ás súas mulleres. Nestes casos, mantense a preferencia por que cada un deles expoña a súa crítica de xeito individual, un recurso que as mulleres tampouco empregan na conversa mixta. Nesta ocasión, a crítica que cada un realiza á súa parella —por gastar demasiado diñeiro ou por non beber a suficiente cantidade de auga diaria— serve para performar xénero porque, aínda que as críticas son individualizadas, conseguen crear dous grupos: os homes que critican e as mulleres que se defenden. Tanto a crítica dos homes mediante experiencias individuais, coma a resposta feminina, que se efectúa de maneira conxunta, seguen os patróns observados nas conversas homoxenéricas.

4.2. Desenvolvemento temático

4.2.1. Roles sociais e división sexual

Se realizamos unha análise pormenorizada do substrato temático das tres conversacións para establecer os vínculos subxacentes ante a proposta de “cuestións importantes” detectamos dous elementos estruturadores nas conversas homoxenéricas directamente vinculados co reparto estereotipado dos roles sociais sexuais.

Na conversa feminina, as relacións familiares parecen ser o elemento central, pois o tema principal é a preparación dun evento no que vai participar toda familia e as digresións xerais están referidas a integrantes da mesma —sogra, cuñada ou muller cubana— que provocan unha certa desestruturación ou causan impedimentos para a celebración desa comida familiar. Alén diso, o groso da súa conversa está destinado a falar de aspectos vinculados a outras persoas coas que xeralmente teñen algunha relación e que todas son mulleres —sogra, cuñada, mulleres cubanas dun restaurante, muller cubana casada cun familiar ou mulleres que levan os fillos a unha gardaría da que unha delas é propietaria—. Polo tanto, parece apreciarse unha certa tendencia a falar de aspectos que lles afectan a si mesmas a través doutras persoas: a saúde da sogra condiciona a colaboración dunha delas na preparación das festas de Nadal, a mala aceptación familiar da cuñada impide que colabore nesa tarefa, as mulleres cubanas son descritas coma un problema porque desestruturan a familia, etc.

Pola contra, no caso dos homes as propostas temáticas son de carácter máis xeral e non están directamente vinculadas a outras persoas senón que son eles mesmos o obxecto da súa conversación. Así, aínda que narran experiencias propias, en realidade, empréganas para exemplificar unha idea máis abstracta. Aínda que o tema principal da saúde parece xurdir como algo aparentemente banal pola propia maneira de ser proposto, o certo é que todos os interlocutores xustifican a súa importancia nel. Non obstante, aínda que consideremos a saúde como un tema importante para os homes, detectamos que un elemento recorrente nos subtemas que o conforman acostuma a ser o diñeiro: cando falan das súas experiencias en dentistas sempre explican o prezo, avalían e comparan os profesionais en función do custo e tamén é ese o factor que xustifica a necesidade de que intervencións cirúrxicas como os implantes bucais sexan sufragadas pola seguridade social. Finalmente incorporan un último tema: os problemas de ter máis dun fillo ou filla. Poderíamos interpretar que a proposta temática da familia tamén está presente no grupo dos homes, pero a maneira de abordala non é equiparábel á do grupo feminino, pois unha vez máis o diñeiro xogará un papel importante no seu desenvolvemento. Os tres interlocutores xustifican todas as súas opinións considerando que unha segunda crianza implica dobre “traballo e gasto”. De feito, a conversación mixta corrobora esta preocupación económica porque cando a Muller 3 propón como primeiro tema falar da crise, rapidamente é rexeitado polo grupo feminino pero aceptado polo masculino e levado ao terreo do gasto familiar.

4.2.2. A narración das intimidades e a vulnerabilidade emocional

Numerosos traballos, realizados desde diferentes disciplinas, teñen mostrado como as narracións persoais posúen un papel fundamental na construción identitaria dos individuos. Trátase dunha acción que, dunha maneira máis ou menos consciente, serve como mecanismo de (auto) identificación social, porque as persoas crean e recrean a súa historia de vida coa finalidade de darlle sentido a un lugar ou a un rol na sociedade (Mullany 2006: 157). Esta interpretación estaría vinculada ao que Giddens (1991) denomina *the reflexive project of the self*, isto é, o procedemento mediante o cal as persoas constrúen diariamente narrativas autobiográficas no intento de entenderse a si mesmas dentro do mundo que as rodea. Non obstante, contar historias non só permite dar forma á vida e manter o seu sentido senón tamén explorar vías alternativas, sobre todo cando nos movemos en campos de tensións ou nos límites das adscripcións (Coates 2003: 41). Esta afirmación estaría en consonancia coa importancia da interacción á que aludimos ao longo deste traballo, xa que as accións e as experiencias narradas gañan diferentes significados ao presentarse diante doutras persoas. A través da lingua negociamos e transformamos roles: o modo de narrar revela presuposicións, significados implícitos e permite incorporar múltiples perspectivas ante un mesmo feito (Schiffrin 1996: 169). Alén diso, as representacións creadas son especialmente poderosas na visibilización identitaria porque non son reproducións exactas da complexidade que rodea as experiencias da vida humana. Cameron (2003: 464) afirma que, comparada coa vida real, a historia que se narra é “simpler, more condensed, and far more orderly. It is private and personal experience ordered by public generic (in this case, narrative) conventions, and as such it provides the reader with a template s/he can use to order and

reflect on his/her own experience". Polo tanto, entenderemos que durante a narración non só se organiza unha experiencia concreta senón que ademais se transmite unha autoconcepción simplificada e condicionada por estruturas sociais coercitivas.

En consonancia con isto, nas nosas conversas a identidade é producida e negociada, mais tamén imposta sobre os individuos e sobre os grupos a través das ideoloxías dominantes. Esta circunstancia permite explicar que a análise do bloque temático de "mocear" nos mostre un elevado índice de patróns estereotipados para as conversas homoxenéricas —tanto de homes como de mulleres— plasmada, con frecuencia, en narrativas autobiográficas, especialmente no caso feminino. É posíbel argumentar que o tema marco proposto pola entrevistadora reforce a presenza das regras sociais de xénero porque obriga ás persoas a falar sobre unha actividade na que se producen encontros entre os sexos e sobre a relación que manteñen en terreos moi íntimos, como o dos afectos ou as relacións sexuais. A consecuencia evidente de mostrar os sentimentos é a posibilidade de que o individuo poida ser danado ou ignorado. Por este motivo, traballos realizados desde a *teoría da identidade social* teñen mostrado como a vulnerabilidade emocional provoca a emerxencia con forza dos estereotipos de xénero. Isto acontece porque cando unha persoa se adhire a unha norma redúcese o risco de crítica ao situarse constantemente dentro das expectativas sociais (Vogel et alii 2003: 520).

Neste sentido, a principal característica do conxunto temático é que todos os grupos centran o tema de mocear sobre as mulleres como se o tratamento das relacións persoais estivese principalmente asociado ao mundo feminino. Así, na conversa masculina, podemos percibir tres cuestións fundamentais: as relacións extramatrimoniais, a sexualidade e a perda da mocidade. En todos estes casos as mulleres están presentes por seren as axentes que provocan ditas situacións: no caso das relacións extramatrimoniais, unicamente se abordan casos de infidelidades de mulleres. Así mesmo, a propósito da sexualidade observamos que sempre son as actitudes femininas as que controlan as relacións sexuais. Isto provoca críticas dos homes independentemente da posición que adopten as mulleres: non se aproba ás que se mostren remisas, mais en xeral tampouco se acepta que exerzan a súa sexualidade con total liberdade.

1. Lugares onde se moceaba antigamente		22:38-24:28
2. Relacións extramatrimoniais das mulleres	2.a. Infidelidades das mulleres, antigamente e na actualidade: crianzas de mulleres solteiras	24:38-26:36
	2.b. Relacións extramatrimoniais non consentidas sufridas polas mulleres: crítica á restrición de dereitos no pasado e tamén á excesiva discriminación positiva actual	26:36-27:41
3. Problemas entre irmáns varóns (que teñen algún negocio en común) por causa das mulleres		27:41-34:20
4. Comparación entre o remisas que eran as mulleres a establecer relación sexuais antigamente e o excesivamente proclives que son na actualidade	4.a. Antes as mulleres eran remisas ao sexo e na actualidade son "fáciles"	34:20-36:47
	4.b. Acceso das crianzas a información sobre sexo a propósito das actuais actitudes "fáciles" das rapazas	36:47-38:24
	4.c. Antigamente as mulleres eran reprimidas pero había excepcións	38:24-42:33
	4.d. Reacción dos homes ás actitudes reprimidas das mulleres	42:33-47:14
5. Na actualidade os rapaces non se preocupan por mocear, só por emborracharse		47:14-48:48
6. Problemas de casarse cedo: perder a mocidade.	6.a. Perder a mocidade	48:48-49:46
	* Posibilidade de casar cunha muller nova: cuñada (crítica encuberta)	49:46-51:37
	* Problemas nas saídas laborais para as mulleres e situación política actual	51:37-54:01
	6.b. Perder a mocidade: conversa a propósito da filla do Home 1, muller nova que decide non ter noivo, e intercambio de experiencias propias.	54:01-56:43

Táboa 4. Cadro de temas "Mocear". Grupo homoxenérico masculino

Do mesmo xeito, na conversa homoxenérica feminina, as mulleres preséntanse como obxec-to da conversa e débúxanse cun papel complementario ao que mostraran os homes. Neste caso, enfocan a cuestión de mocear en función das restricións maternas que elas mesmas sufrían cando eran mozas, comentando as dificultades para poder ver os seus namorados e para ser libres ante as peticións dos homes. En contraposición ao grupo homoxenérico masculino, abordan a narración de experiencias persoais nun ton marcadamente serio e outórganlle moita importancia ao papel do moceo e á parella na estrutura familiar. No seguinte exemplo mostramos o momento no que contrapoñen a diferente repercusión emocional que tivo para elas a ruptura de dúas parellas en base ao contacto que tiveran co núcleo familiar:

Muller 1 eu sabía que <laura> saía con <xacobe> e que ese era o seu mozo pero a min | deixáro-no i-a min non me creou ningún trauma | pa min | porque [deixáro-no]

Muller 2 [si] porque el non estaba aí: | metido na: <familia>

Muller 1 non estaba aí metido | en cambio pedro rompeu con xulía e a min sentou-me coma unha patada no cu

Muller 3 claro porque estaba mui metida <na familia>

Muller 1 porque: leva-la ós acontecementos | que si le#

Muller 2 si | si | si | si | si no eso si

Muller 3 e <levábaa> con nós de vacacións

Muller 2 [...] e aí algo que dices "jolín" | que non é que me importe ve-los <aos pais da parella> pero bueno | xa me quedo como cortada ||

Muller 1 unha cousa | un pouco | un pouco violenta

Extracto 3. Conversa homoxenérica feminina. Tema "Mocear"

Alén diso, en ningún caso fan referencia ao sexo, e os encontros que narran son case sempre en lugares públicos. En contraposición, nas conversas masculinas detectamos unha vinculación directa entre a actividade de mocear e a súa explicación a partir dos esquemas da relación sexual. Só nun único caso as mulleres falan de sexo: o momento no que comentan as duplas actividades de ligue dun familiar de sexo masculino. Neste caso, fan bromas a propósito das dificultades que pode ter para manter unha relación con dúas mulleres simultaneamente, relacionándoas directamente coa capacidade de satisfacelas sexualmente.

1. Problemas de levar noivas ou noivos á casa dos pais		26:00-30:11
2. Restricións que elas mesmas tiñan para mocear: súa nai	2.a. Restricións provocadas por súas nais en comparación á maior liberdade actual.	30:11-32:12
	2.b. Consideración das súas restricións como actitudes machistas por parte de súas nais. Aínda que recoñecen que había outras que non eran así.	32:12-41:17
	2.c. Retoman restricións provocadas por súas nais: a nai de Muller 1.	41:17-47:44
	2.d. Crítica á nai da Muller 1 porque agora fai o contrario	47:44-51:00
3. Novas formas de mocear na actualidade	3.a. Os tríos, exemplificando nunha persoa coñecida	51:00-57:08
	3.b. O chat	57:08-62:04

Táboa 5. Cadro de temas "Mocear". Grupo homoxenérico feminino

Se atendemos á performatividade de xénero, detectamos que en ambos grupos os individuos crean a súa masculinidade e feminidade adaptándose aos roles de xénero convencionais vinculados ás actividades de moceo mais dunha maneira indirecta. O seu tratamento só se fará explícito na conversa mixta, cando a copresenza dos sexos obrigue a reforzar as identidades. Así, aínda que, tal e como vimos, ambos grupos homoxenéricos falan de mulleres, o enfoque co que o fan permitirá que emerxa a construción tanto da feminidade como da masculinidade heteronormativas.

Na conversa homoxenérica masculina trátase por extenso a actitude das mulleres, criticando a súa negativa a ter relacións sexuais e desa maneira débúxase a visión tradicional do moceo na que o home cortexa a muller e ela accede ou non ás súas demandas. O argumento esencial

é que como consecuencia desta situación eles non podían practicar sexo. A priori, dificilmente podemos pensar que a ausencia de sexo poida ser un elemento de construción grupal mais en realidade serve para a creación da masculinidade pois na crítica á negativa tamén está implícita a súa vontade ante sexo. Desta maneira, os homes adaptáanse ao estereotipo da potencia sexual masculina e crean grupo por oposición ás mulleres que son as remisas e, polo tanto, carecen dela:

Home 3 pero | as mulleres | muito cambiaron || eu acórdome | ó primeiro | cando empezábase a sa# | cando empezara a salir || xa hai anos || ¡retraídas! || bueno | teoricamente eran ||

Home 1 ¡retraídas? | dixo o outro | salías | salías igualito có jabalí | e antes había poucos || ¡de caza! ||

Home 3 (risas)

Home 1 {(risas) de caza | pa non cazar nada} ||

Extracto 4. Conversa homoxenérica masculina. Tema “Mocear”

O esencial non é a negativa feminina senón o feito de “non cazar nada”, porque tampouco aproban as mulleres que aceptan sen atrancos. Así, os intentos masculinos preséntanse como frustrados e constantemente está presente o feito de que eles querían ter sexo:

Home 1 <facías> cada hazaña por aí | pa non dar ||

Home 3 pa nada ||

Home 2 perder o tempo (risas) ||

Home 3 ¡ai sí | pa perder o tempo! ||

Home 1 ¡hostiá macho | é que! || con algunha eso díos te libre e: | tiña: | ou sea era eso | falando da | da mentalidá | que teñen agora e a que tiñan antes ||

Home 3 a mentalidá é-che | eu non sei | pero a min nunca me gustaron as rapazas fáciles | <apelación> eh)

Home 3 que no | no | vamos a ver | eu tampouco ||

Extracto 5. Conversa homoxenérica masculina. Tema “Mocear”

Así mesmo, o proceso de definición por oposición tamén se fai desde un punto de vista xeracional onde a idade se cruza co xénero construído e crea dúas identidades a partir dunha mesma caracterización: a potencia sexual. Nas narracións créanse identidades complexas e plurais “allowing them to emphasize particular facets of their social identities and different dimensions of social meaning” (Holmes 2006a: 186). Os individuos poden mostrar nun mesmo discurso un amplo rango de identidades que se solapan e os vinculan a grupos sociais. Holmes (2006a) mostrou que durante a narración de anécdotas sobre o traballo, un grupo de persoas non só establecía unha identificación profesional senón tamén de xénero, raza, autoridade, clase ou poder económico. Nun sentido semellante, durante a conversa homoxenérica masculina das nosas gravacións, os homes utilizan a potencia sexual non só para construír a súa masculinidade senón tamén para establecer unha distinción xeracional no momento en que critican os rapaces por non lle daren tanta importancia coma eles ao sexo. A súa prioridade é “beber en cantidades industriais” e como consecuencia “non tocan teta”:

Home 1 esas cousas húbome-as sempre | e dixo o outro | as mulleres | e:

Home 2 home húbome-as sempre pero menos | así e todo ||

Home 3 ou máis

Home 2 no

Home 3 teño medo a que houbera máis afición ante ca agora

Home 1 ¡muchísima máis | pero vamos a ver!

Home 3 sobre todo nos homes

Home 2 bueno nos homes si | pero: | nas mulleres no ||

Home 3 eu penso que os rapaces dedícan-se a beber | en cantidades industriais

Home 1 namais

Home 3 pero: | despos do resto: || e ben ves | ben ves cantas rapazas hai con vellos carallo! || ¡porque non teñen con quen tar! ||

[...]

Home 1 pois hoi | eu xa che digo | eu cháma-me a atención | porque || ves unha cuadrilla deles | un grupito destes do | do | do | do clásico | botellón | o único que van é a: | a [emborrachar-se] ||

Home 3 [eu vexo] a meu sobriñ o que | o que alí carga | de vrau | e digo eu | depós de: beber | que? | ¿nada? ||

Home 1 nada | nada | nada ||
 Home 3 non tocan teta | nada | nada | nada ||
 Home 2 ¡ai despois de beber non {<apelación> ho}! (risas) ||

Extracto 6. Conversa homoxenérica masculina. Tema “Mocear”

Na conversa homoxenérica feminina tamén detectamos unha crítica moi importante ás mulleres focalizada nas nais que limitaron a súa sexualidade e nas mozas novas que actúan con demasiada liberdade ante as demandas dos homes. Desta maneira, tamén o grupo feminino amosa unha visión tradicional do moceo na que os homes son os que demandan ás mulleres e elas son as que deben poñer freo sen caer no exceso das súas nais. Como consecuencia, nesta conversa, a performance da feminidade está asociada non tanto á crítica materna explícita como ao feito de sentirse o grupo ao que se lle impedía “mocear”. Unha vez máis, adáptanse ao estereotipo da feminidade por oposición aos homes, aos que se lles “vía unha libértá increíble”:

Muller 3 é que | nin unha cousa nin a outra | a min eso tamén me parece surrealista
 Muller 1 claro | pero miña mai fixo-o comigo | porque miña mai | é mui | é mui
 Muller 3 que era o que me facían a min tamén
 Muller 1 claro | pero miña mai fixo-o comigo porque miña mai [é mui]
 Muller 3 [ou me facían]
 Muller 1 é mui machista nese [bueno]
 Muller 2 [si] | no | eso si que é verdá [{<apelación> eh}] ||
 Muller 1 [facía-o] comigo [o resto]
 Muller 3 [si]
 Muller 2 [si] porque cos outros <irmáns> no ||
 [...]

 Muller 1 o que pasa é que eu que sei | son mentes retorcidas
 Muller 3 hai que: estar un pouco: | nin tanto nin tan pouco
 Muller 2 bueno pero ese caso era contigo | [{<apelación> eh}] | porque eu por exemplo ós homes <irmáns> vía-lles unha libértá increíble || [...]

 Muller 3 si | porque “as fillas viñan ca barriga pa diante” | pero os fillos tamén deixaban: | fillos por aí adiante ||
 [...]

 Muller 3 bueno | pois vivimos unhas situacións parecidas
 Muller 1 si | si | no | no | bueno é que eu penso que era así | era general | general | ou é que non-os soupe-mos impoñer abondo (risas) ||

Extracto 7. Conversa homoxenérica feminina. Tema “Mocear”

Dende o punto de vista xeracional tamén se reforza a súa condición grupal. Do mesmo xeito que na conversa homoxenérica masculina, opóñense a outras mulleres para reforzárense como grupo asumindo que todas son as receptoras da actividade de moceo pero establecendo unha distinción entre elas que limitaban as accións dos homes e as mozas novas que actúan con “libertinaxe”:

Muller 3 ahora conócen-se hoi e mañá xa ta dentro da casa
 Muller 1 si
 Muller 2 si | bueno | nese sentido cambiou muito | pero
 Muller 1 si | escuita | ¿pero son máis felices agora | con este ritmo que levan agora [de] | de: | de te-lo todo?
 Muller 2 [no] ||
 Muller 3 antes era un extremo e agora é outro ||
 [...]

 Muller 3 nada | antes vivíamos nunha ditadura i-ahora hai tanta libértá que non é libértá | é libertinaxe ||
 Muller 1 que hai | si: | si | é libertinaxe | é libertinaxe | si | si | pero bueno ||

Extracto 8. Conversa homoxenérica feminina. Tema “Mocear”

Na conversa mixta, corrobórase a explicación do tema de mocear a partir das actividades femininas. Tratan cuestións como a actitude das mulleres ante o sexo que difire da dos homes, a

represión materna ante as actividades de moceo ou os problemas da solteiría feminina a propósito dunha veciña que casou sendo maior. O primeiro dos temas constitúe unha crítica ás mulleres por non querer ter relacións sexuais. Esta cuestión tamén fora tratada por extenso no grupo homoxenérico mais agora é proposta a modo de acusacións ás tres mulleres participantes na conversación, feito que provoca a resposta inmediata de todas elas, que entre risas corroboran e xustifican dita afirmación. Trátase dun xogo dialéctico de roles no que os homes se proxectan como os portadores da potencia sexual e as mulleres como controladoras da mesma —unha vez máis, elementos xa tratados nas conversacións homoxenéricas dunha maneira menos explícita. As xustificacións a ser sexualmente remisas que empregan as mulleres tamén responden ao patrón prototipicamente asociado ao sexo feminino. Aluden a cuestións como a dor de cabeza ou o cansazo, feito que as leva a establecer unha comparación entre si mesmas e as mulleres de orixe foránea. Unha vez máis, estas mulleres son entendidas como un elemento distorsionador no núcleo familiar que xa fora analizado na conversa homoxenérica feminina a propósito do primeiro bloque temático de “cuestións importantes”:

Muller 2 paso mui ben sin eso | mira ||

Home 1 ¿ves? | ¡ai | {<apelación> ho!} ||

Home 2 por non traballar

Home 1 que me trague o demo se non son todas unhas fotocopiadas polas outras ||

Muller 2 (risas)

Home 1 cambiaron a folia {(risas) do resto} ||

Todas/os (risas)

Muller 1 temos a misma memoria

Home 1 todas viven sin eso |

Home 2 ¡ai si | {<apelación> ho!} ||

Home 1 {(risas) pero cando hai que subir-se ao columpio colúmpia-se todo dios}

Home 2 {(risas) unha vez ó ano escasamente} ||

Muller 1 {(risas) escuita} | se estuvéramos descansadas coma estas de fóra | “cariño | cariño” ||

Muller 2 ¡claro! ||

Muller 3 ¡eso! ||

Muller 2 ¡vimos cansadas de traballar! | ¡todo o día traballando! ||

Home 2 ¡ai si | si:¡ ||

Muller 1 ¡e | chegas á casa:¡ ||

Muller 2 chegas á casa || [...]

Home 3 ¡a min o tema do cansancio non che me cola! [...] a desculpa non é estar cansada nin que lles doa a cabeza | ¡non hai interés! ||

Extracto 9. Conversa mixta. Tema “Mocear”

A reacción masculina é a desaprobación conxunta das súas xustificacións aludindo a que o que subxace na negativa feminina antes as relacións sexuais é a falta de interese. Os homes argumentan que este suposto cansazo non impide que as mulleres realicen outras actividades prototipicamente femininas como ir de compras. Así, tal e como observamos, unha vez máis homes e mulleres proxectan imaxes marcadas por estereotipos de xénero nas súas negociacións temáticas.

1. Crítica ás mulleres porque non queren ter sexo con frecuencia		19:03-21:03
	* a Muller 1 fala de cando mercou unha chaqueta	21:03-21:38
2. Crítica a Muller 2 porque gasta moito diñeiro		21:38- 24:08
3. Nais que reprimían ás fillas (24:08-30:58)	3.a. Historia da Muller 1	24:08-26:20
	3.b. Historia da Muller 2	26:20-27:12
	3. c. Outra historia da Muller 1	27:12-30:58
	* Bromas a respecto dos seus moceos	30:58-31:43
4. Muller que se casou sendo maior (31:43-36:54)	4.a. Romance e casamento actual	31:43-32:41
	4.b. Antigo noivo a propósito de que a Muller 1 o viu nunha comida	32:41-33:49
	* Posibilidade de representación do Concello de Meira nesa comida	33:49-35:44
	4.c. Recuperación do subtema do antigo noivo	35:44-36:54

Táboa 6. Cadro de temas “Mocear”. Grupo mixto

Podemos concluír que existe unha visualización explícita dos roles de xénero que ten por finalidade construír a división en grupos dentro dunha actividade que estereotipicamente establece esa diferenciación —en ningún caso as ou os participantes fan mención a encontros que non encaixen dentro dos esquemas da heterosexualidade normativa—. Parece, pois, que os encontros conversacionais mixtos e a lingua potencian as construcións identitarias de xénero creándoas por oposición ou empatía con outros individuos presentes na conversación e nos que cada un se recoñece ou non.

Schiffrin (1996), para alén do condicionamento social global na creación das identidades que explicaría os posicionamentos no estereotipo, distingue un nivel local onde o contexto máis inmediato se torna significativa. A súa análise suxire que a identidade social está tamén situada no acto comunicativo: “who we are is, at least partially, a product of where we are and who we are with, both in interactional and story worlds” (Schiffrin 1996:198). As categorías de identidade fanse relevantes dependendo da situación comunicativa na que son producidas de maneira que a identidade se crea dentro da interacción e é orientada polas persoas participantes. No caso das narrativas a propósito das experiencias de moceo que vimos de comentar, non podemos obviar que a persoa que narra é tamén axente que constrúe e controla o discurso condicionando a propia presenza no narrado. As persoas retratan a súa vida reconstruíndo o pasado a través da vantaxe que supón posuír as experiencias do presente (Mishler 1999). Esta circunstancia provoca que a identidade individual se negocie tamén dependendo de necesidades ou intencións persoais (Bastos e Oliveira 2006: 191).

Con respecto ao grao de intimidade establecido entre os individuos, existen numerosos traballos que mostran como existe unha certa presión social que permite a expresión das emocións e o tratamento das relacións persoais nas mulleres pero que a restrinxen no caso dos homes (Johnstone 1993; Coates 2003; Vogel et alii 2003). Pola contra, na análise do noso corpus detectamos que o índice de intimidade dos intercambios comunicativos é moi alto, tanto en homes como mulleres. Con todo, o grupo masculino parece non sentirse cómodo con estes usos e por iso tamén é frecuente que estas experiencias vaian acompañadas de bromas e risas por parte dos interlocutores. Acuña (2009: 233) mostrou como en actividades comunicativas que transgreden as normas de xénero persiste a masculinidade entre homes a través do humor. Non obstante, aínda que sirva para diminuír a carga emotiva do narrador e disfrazar as confidencias, o feito é que só se consideramos que os papeis de xénero son negociábeis poderemos entender a presenza de confesións íntimas dentro dunha conversación tan marcadamente estereotipada como a dos homes. Neste caso, elaboran un discurso no que reflexionan sobre os seus sentimentos e manifestan o pesar por abandonar relacións sentimentais que tiveran no pasado ante a negativa das mulleres a ter sexo. A continuación amosamos dous exemplos:

Home 1 entonces aquilo que se che ocorre un día dixen ||

Home 2 “ou arre ou xo” (risas) ||

Home 1 {(risas) ou se avanza ou senón hasta luego lucas | porque} || oi | eso || da noite pa# || i-eu hasta | bueno | hasta | hasta estaba máis a gusto con ela que dios e tal || pero aquilo que se che mete na cabeza dun día pa outro porque non: || tabas | dixó o outro | hasta as pelotas de aguantar e tal | e: ||

Home 3 ¡e aló vai! (risas) [...]

Home 1 era mui boa pequena eh | mui boa pequena [...] home si | pero eu | eu a verdá é que aquela hasta: | bueno || a verdá é que me doera na alma porque eu á: | a verdá | quería-lle ben || levábase tempo xuntos e tal | pero é aquela vena que se che mete na cabeza e: || ¡sí | pero muitas veces por unha pequena cousa!

Extracto 10. Conversa homoxenérica masculina. Tema “Mocear”

Despois dun breve inicio a propósito da relación do Home 3 coa súa actual parella, o Home 1 retoma a idea de que estaba moi cómodo coa rapaza á que antes aludiu e que decidir deixala “doeume na alma”. Xustifica a súa reacción como “é aquilo que se che mete na cabeza” e cualifica de “unha pequena cousa” aquilo que no inicio da conversa masculina os definía como homes, isto é, a vontade de ter sexo e en definitiva a potencia sexual. A continuación, o Home 3 retoma a idea de abandonar ás parellas por causa da abstinencia sexual e narra unha situación semellante á que expuxera o Home 1:

Home 3 Eu tuvera salindo cunha rapaza | que quedou solteira | taba alí [...] dios | unha tía maja | e tamén | polo mesmo || e tamén un di# | bueno | eu conócera-a de mui novo | tiña vinte e un | vinte vinte e un anos cando andaba con ela || i-anduvera con ela un ano | e nada | nunca | nada | nada | nada ||

Home 1 ah | no | no é que antes era [así] ||

Home 3 [e:] bueno a verdá é que tuvera muito trato con ela | MUITO trato con ela | e sigo tendo aínda hoi || [...] pero bueno | unha tía supermaja | su:permaja | e guapa | quero dicir unha tipa ben | ben | agradable | currante | mui ben ||

Extracto 11. Conversa homoxenérica masculina. Tema “Mocear”

Polo tanto, observamos un xogo de roles que oscila entre a aproximación ao ton intimista estereotipicamente feminino e a reorientación da súa masculinidade a través das bromas. Esta circunstancia unicamente se produce na conversación homoxenérica porque, tal e como comentamos, a conversación mixta caracterízase por unha exaltación consciente e explícita dos roles hexemónicos. Así, o mesmo falante dun dos exemplos anteriores, introduce o mesmo tema durante a conversa mixta dun xeito radicalmente diferente:

Home 1 ¡calai | calai que pasabais {(risas) máis gana | carallo!} (risas)

Muller 1 {(risas) ¿gana nós?}

Muller 2 {(risas) si {<apelación> ho} | tés razón} ||

Home 1 pasabais máis ca nós | que xa é dicir | pero ¡por non e non e turrar! ||

Home 2 inda a pasan hoi (risas)

Todas/os (risas) ||

Extracto 12. Conversa mixta. Tema “Mocear”

En casos coma este, definir unha conversa entre homes ou mulleres só como masculina ou feminina, respectivamente, esquece unha cuestión tan relevante como a emerxencia dos roles. O importante, tal e como apunta Cameron (1999: 280), é analizar a fala que se crea en cada momento: *the performative gender work*, porque é o que verdadeiramente (re)constrúe ás persoas como suxeitos dotados de xénero.

5. CONCLUSIÓNS

Ao longo do presente traballo detivémonos no estudo das construcións discursivas das identidades de xénero, un tema que se ben xa foi abordado noutros contextos lingüísticos, ten sido pouco explorado na lingüística galega. Analizamos a xestión e o desenvolvemento temático de tres conversas —dúas homoxenéricas e unha mixta— nas que participaron tres matrimonios galegofalantes e os resultados amosaron que a adscripción aos patróns de xénero coexiste con desviacións significativas.

No tocante á estruturación temática, existen patróns que diferencian os sexos: o grupo de mulleres amosa preferencia polas digresións e tende a centrarse no desenvolvemento dunha experiencia persoal que lle afecta unicamente a unha delas máis que todas as interlocutoras desenvolven mediante opinións e comentarios. Pola contra, o grupo de homes tamén xestiona os temas a través da narración de experiencias, mais cada un dos individuos céntrase na súa propia. Con todo, debemos puntualizar unha vez máis que, se ben esta afirmación estaría en consonancia con outros estudos de lingua e xénero, o traballo que presentamos está enmarcado dentro dunha metodoloxía cualitativa e polo tanto non poden realizarse afirmacións aplicábeis ao conxunto da poboación.

Na análise do desenvolvemento temático tamén detectamos unha adopción moi significativa de tópicos que están marcados desde o punto de vista do xénero, tales como que na conversa sobre “cuestións importantes” o substrato de todos os temas sexa a *familia* no caso das mulleres e o *diñeiro* no caso dos homes, ou que os comentarios sobre a actividade de “mocear” se centren no sexo feminino en todas as conversas: na conversa masculina, os homes analizan esta actividade desvinculándose dela persoalmente e desenvolvendo opinións exemplificadas, fundamentalmente, no sexo feminino —infidelidades femininas, actitudes remisas ou non ante o sexo, etc. Así mesmo, tamén as mulleres falan a maior parte do tempo de si mesmas ao narrar como outras mulleres —as súas nais— non lles permitían mocear. Parece que, no fondo, se segue mantendo a idea de que o mundo asociado ás relacións persoais é algo feminino.

Se ademais do substrato temático analizamos o proceso de construción dos discursos, detectamos como as narrativas e as opinións dos individuos tamén están mediadas polas normas sociais de xénero e na maior parte dos casos mostran identidades asociadas aos roles tradicionais de maneira implícita. Observamos como nas conversas do bloque temático de “mocear” as persoas crean a súa identidade de xénero baseándose na adopción dun papel activo ou pasivo. Así, tanto na conversa mixta como nas homoxenéricas, os homes asóciase ao papel activo mediante a crítica ás mulleres por non quererem practicar sexo e as mulleres ao papel pasivo a través da crítica ás restricións maternas ante o moceo.

Non obstante, o presente traballo tamén mostra que as persoas non só reproducen maneiras de falar ou roles acordes co seu sexo senón que son capaces de aprender as pautas sociais e logo empregalas dependendo do contexto ou con diferentes finalidades. Os modelos teóricos máis recentes argumentan que o xénero non pode entenderse como un atributo individual nin tampouco como un rol social senón como un produto sociocultural que orienta pero non determina as condutas. Pola contra, as identidades de xénero créanse dentro dun marco interaccional concreto producíndose unha complicada negociación entre xénero, lingua e identidade a nivel *macro cross-cultural* e *micro cross-cultural* (Shi / Langman 2012: 177). Esta circunstancia provoca nas nosas conversas que en moitos casos se produzan desviacións significativas a respecto dos patróns de xénero asociados a homes e mulleres durante as negociacións temáticas, especialmente nas interaccións homoxenéricas masculinas. Detectamos que, por exemplo, a construción de xénero dominante nos homes se realiza sobre a base da potencia sexual e o papel activo nas relacións de moceo que implicitamente se recolle nas críticas ás mulleres. Non obstante, ese trazo definitorio, que empregan na maior parte da conversa homoxenérica e que logo retomarán na mixta con máis forza, relativízase cando provoca rupturas sentimentais que causan dor nos individuos.

Así mesmo tamén observamos que o xénero non actúa de xeito illado, tal e como propuxeron as primeiras críticas á segunda vaga feminista, senón que interacciona con outras variábeis sociais como pode ser a idade. Nas nosas conversas, esta circunstancia é empregada nos grupos homoxenéricos para contribuír a reforzar a construción identitaria. Así, os homes reafirman a súa masculinidade a través do papel activo por oposición aos mozos que relegan a potencia sexual en detrimento do alcohol. Do mesmo xeito, as mulleres reafirman o seu papel pasivo/restrinxido criticando as mozas que actúan con exceso de liberdade.

Polo tanto, podemos afirmar que os resultados da análise destas tres conversas permítenos observar como as persoas creamos identidades a través do discurso dependendo do contexto e da finalidade. Alén diso, tamén mostran que a categoría de xénero non é algo que *existe* senón

que se *produce* e interactúa con outras variábeis sociais, sen que teña que darse unha adscripción rigorosa ás normas, mais tendo en conta que os discursos sociais son fortes condicionantes dos que non sempre somos conscientes. Non podemos confundir a existencia de normas coa adscripción plena e inmutábel dos individuos a estas. De aceptarmos a pluralidade como eixo definitorio do xénero, a permeabilidade dos límites non só estará contribuíndo a visibilizar os estereotipos senón tamén a ampliar a análise das desigualdades a grupos para alén das mulleres, tal e como propón a teoría *queer*: homes, transexuais, homosexuais, etc. Por este motivo, defendemos que o enfoque dos estudos debe destinarse a descubrir como se crea o xénero e os efectos que produce nas persoas.

Convencións de transcripción

- 1) Todos os nomes propios que aparecen son pseudónimos
- 2) O modelo de lingua que se transcribe é fiel ao texto oral e por ese motivo non substituímos as formas dialectais ou de realización sistemática da fala. Non obstante, a funcionalidade para a recuperación da información nos buscadores do proxecto CORILGA fai que nalgúns casos os criterios se desvíen da representación ortográfica habitual, tal e como acontece nos clíticos do pronome persoal ou nos alomorfos -lo(s), la(s), -no(s), -na(s) que aparecen separados mediante un guión. Exemplo: *deixáron-o, conócen-se*.
- 3) Alongamento dun son: : :: ::::
- 4) Corte abrupto no medio dunha palabra: texto afect#
- 5) Pausa breve ou mediana: | ou ||
- 6) Fenómenos non simultáneos con elementos verbais: ()
- 7) Fenómenos simultáneos con elementos verbais: {(fenómeno) texto afectado}
- 8) Solapamento: [texto afectado]
- 9) Discurso directo reproducido: "texto afectado"
- 10) Comentarios da transcritora: < >
- 11) Fragmento de transcripción omitido: [...]

Agradecementos

Agradézolle a Lidia Teixeira, Gonzalo Hermo, Alba Rodríguez e Benny Tubío a lectura e as observacións feitas a unha versión previa deste artigo. Así mesmo, quero darlles as grazas ás persoas que participaron nas gravacións pola súa confianza e ao profesor Xosé Luís Regueira, director da miña tese de doutoramento, por todo o seu traballo, apoio e dedicación. Finalmente, tamén me gustaría agradecer os comentarios e suxestións de dous revisores ou revisoras anónimas que contribuíron a mellorar significativamente este traballo.

REFERENCIAS BIBLIOGRÁFICAS

- Acuña, Virginia (2009): *Género y discurso. Las mujeres y los hombres en la interacción conversacional*. Muenchen: Lincom Europa.
- Bastos, Liliana / Maria do Carmo Oliveira (2006): "Identity and personal/institutional relations: people and tragedy in a health insurance customer service", en Anna Fina / Deborah Schiffrin / Michael Bamberg (eds.), *Discourse and identity*. Cambridge: Cambridge University Press, 188-212. <http://dx.doi.org/10.1017/cbo9780511584459.010>.
- Benhabib, Seyla (2005): "Feminismo y posmodernidad: una difícil alianza", en Celia Amorós / Ana de Miguel (eds.), *Teoría feminista: de la ilustración a la globalización*. Madrid: Minerva, vol 2, 319-342.
- Bucholtz, Mary (2004): "Changing places: language and woman's place in context", en Mary Bucholtz (ed.), *Language and woman's place. Text and commentaries*. Oxford: Oxford University Press, 121-129.
- Butler, Judith (2007 [1990]): *El género en disputa. El feminismo y la subversión de la identidad*. Barcelona: Paidós [trad. María Antonia Muñoz de Gender trouble: feminism and the subversion of identity. New York: Routledge].
- Cameron, Deborah (1994): *Feminism and linguistic theory*. Basingstoke: Macmillan.

- Cameron, Deborah (1999): "Performing gender identity: young men's talk and the construction of heterosexual masculinity", en Jennifer Coates (ed.), *Language and gender: a reader*. Oxford: Blackwell, 270-284.
- Cameron, Deborah (2003): "Gender and language ideologies", en Janet Holmes / Miriam Meyerhoff (eds.), *The handbook of language and gender*. Oxford: Blackwell, 447-467. <http://dx.doi.org/10.1002/9780470756942.ch19>.
- Cameron, Deborah / Don Kulick (2003): *Language and sexuality*. Cambridge: Cambridge University Press.
- Cameron, Deborah / Don Kulick (2006): "General introduction", en *The language and sexuality reader*. Abingdon: Routledge, 1-13.
- Cameron, Deborah (2007): *The myth of Mars and Venus*. Oxford: Oxford University Press.
- Castro, Olga / María Reimóndez (2013): *Feminismos*. Vigo: Xerais.
- Coates, Jennifer (1996): *Women talk. Conversation between women friends*. Oxford: Blackwell
- Coates, Jennifer (1998): "One at a time: the organization of men's talk", en Sally Johnson / Urike Hanna Meinhoff (eds.), *Language and masculinity*. Oxford: Blackwell, 107-129. <http://dx.doi.org/10.1002/9780470755617>.
- Coates, Jennifer (2003): *Men talk*. Malden, Ma: Blackwell.
- Cobo Bedia, Rosa (1995): "Género", en Celia Amorós (ed.), *10 palabras claves sobre mujer*. Estella: Verbo Divino, 55-83.
- Eckert, Penelope / Sally McConnell-Ginet (2003): *Language and gender*. Cambridge: Cambridge University Press.
- Edelsky, Carole (1993): "Who's got the floor?", en Deborah Tannen (ed.), *Gender and conversational interaction*. New York: Oxford University Press, 189-227. <http://dx.doi.org/10.1017/s004740450000885x>.
- Foucault, Michel (1997 [1976]): *Histoire de la sexualité*. Paris: Gallimard.
- Giddens, Anthony (1991): *Modernity and self-identity: self and society in the late Modern Age*. Cambridge: Polity Press.
- Goffman, Ervin (1956): *The presentation of self in everyday life*. Edinburgh: University Edinburgh.
- Gove, Jennifer / Stuart Watt (2004): "Identity and gender", en Kath Woodward (ed.), *Questioning identity: gender, class, ethnicity*. London: Routledge, 43-77.
- Hall, Kira (2004): "Language and marginalized places", en Mary Bucholtz (ed.), *Language and woman's place. Text and comentaries*. Oxford: Oxford University Press, 171-179.
- Holmes, Janet (1995): *Women, men and politeness*. Londres: Longman.
- Holmes, Janet (2006a): "Workplace narratives, professional identity and relational practice", en Anna Fina / Deborah Schiffrin / Michael Bamberg (eds.), *Discourse and identity*. Cambridge: Cambridge University Press, 166-187. <http://dx.doi.org/10.1017/cbo9780511584459.009>.
- Holmes, Janet (2006b): *Gendered talk at work. Constructing gender identity through workplace discourse*. Oxford: Blackwell.
- Johnstone, Barbara (1993): "Community and contest: midwestern men and women creating their worlds in conversational storytelling", en Deborah Tannen (ed.), *Gender and conversational interaction*. Oxford: Oxford University Press, 62-80.
- Joseph, John E. (2010): "Identity", en Carmen Llamas / Dominic Watt (eds.), *Language and identities*. Edinburgh: Edinburgh University Press, 9-17.
- Kenworthy, Joanne (1991): *Language in action. An introduction to modern linguistics*. New York: Longman.
- Kerbrat-Orecchioni, Catherine (2005): *Le discours en interaction*. Paris: Armand Colin.
- Lakoff, Robin (1973): "Language and woman's place", *Language in Society* 2, 45-80. <http://dx.doi.org/10.1017/s0047404500000051>.
- Lakoff, Robin (1975): *Language and woman's place*. New York: Harper and Row.
- Mishler, Elliot (1999): *Storylines: craftartist' narratives of identity*. Cambridge: Harvard University Press.
- Mills, Sara (2003): "Third wave feminist linguistics and the analysis of sexism", *Discourse analysis online*. <http://extra.shu.ac.uk/daol/articles/open/2003/001/mills2003001.html> [consultado o 08/07/2014].
- Motschenbacher, Heiko (2010): *Language, gender and sexual identity: poststructuralist perspectives*. Amsterdam / Philadelphia: John Benjamins.

- Monro, Surya (2005): *Gender politics, citizenship, activism and sexual diversity*. London: Pluto Press.
- Moure, Teresa (2012): *Queer-emos un mundo novo. Sobre cápsulas, xéneros e falsas clasificacións*. Vigo: Galaxia.
- Mullany, Louise (2006): "Narrative constructions of gender and professional identities", en Tope Omoniyi / White Goodith (eds.), *Sociolinguistics of identity*. London: Continuum, 157-172.
- Payrató, Lluís (2003): *Pragmática, discurs i llengua oral. Introducció a l'anàlisi funcional de textos*. Barcelona: UOC.
- Rauber, Isabel (2004): *Xénero e poder. Ollada desde América Latina*. Vigo: A Nosa Terra.
- Tannen, Deborah (1996 [1994]): *Género y discurso*. Barcelona: Paidós [Trad. de *Gender and discourse*. New York, Oxford University Press]
- Tannen, Deborah (2005): *Conversational style: analyzing talk among friends*. New York: Oxford University Press.
- Tusón, Amparo (1997): *Análisis de la conversación*. Barcelona: Ariel.
- Schiffrin, Deborah (1996): "Narrative as self-portrait: sociolinguistic constructions of identity", *Language in Society* 25, 167-203. <http://dx.doi.org/10.1017/s0047404500020601>.
- Shi, Xingsong / Juliet Langman (2012): "Gender, language, identity, and intercultural communication", en Jane Jackson (2012): *The Routledge handbook of language and intercultural communication*. Abington: Routledge, 167-180.
- Sacks, Harvey / Emanuel Schegloff / Gail Jefferson (1974): "A simplest systematics for the organization of turn-taking for conversation", *Language* 50, 696-735. <http://dx.doi.org/10.1016/b978-0-12-623550-0.50008-2>.
- Speer, Susan / Elizabeth Stokoe (2011): *Conversation and gender*. Cambridge: Cambridge University Press. <http://dx.doi.org/10.1017/cbo9780511781032>.
- Swann, Joan (2002): "Yes, but is it gender?", en Lia Litosseliti / Jane Sunderland (eds.), *Gender identity and discourse analysis*. Amsterdam / Philadelphia: John Benjamins, 43-67.
- Vogel, David / Stephen Wester / Martin Heesacker / Stephanie Madon (2003): "Confirming gender stereotypes: a social role perspective", *Sex roles* 48, 519-528.
- Wesselius, Janet (1998): "Gender identity without gender prescriptions: dealing with essentialism and constructionism in feminist politics", *Symposium* 2, 2, 223-235. <http://www.artsrn.ualberta.ca/symposium/items/show/285> [consulta 08/07/2014].

